



**PARTIDO NACIONALISTA GALEGO  
PARTIDO GALEGUISTA.**

**[www.png-pg.org](http://www.png-pg.org)**

## **INFORMACIÓN.**

**O CONSELLO POLÍTICO NACIONAL DO PARTIDO NACIONALISTA GALEGO-  
PARTIDO GALEGUISTA, FORZA SOCIAL-LIBERAL INTEGRADA NO BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO, REUNIDO HOXE EN OURENSE, TOMOU OS SEGUINTE  
ACORDOS:**

**1) TRAS O PASAMENTO DO SECRETARIO XERAL, XOSÉ HENRIQUE RODRÍGUEZ PEÑA E DA DEMISIÓN -POR MOTIVOS PERSOAIS- DE ALBERTE BRENLLA (VICE-SECRETARIO XERAL), E CONSCIENTES DA NECESIDADE DE OPTIMIZAR E ADECUAR O FUNCIONAMENTO DO COMITÉ EXECUTIVO NACIONAL Á NOVA SITUACIÓN POLÍTICA E ORGANIZATIVA, PROCÉDESE Á REMODELACIÓN DO MESMO. ASÍ, E ATA A CELEBRACIÓN DO VINDEIRO CONGRESO NACIONAL -NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2007- A DIRECCIÓN DO PNG-PG QUEDA COMO SEGUE:**

- SECRETARIO XERAL-AREA INSTITUCIONAL: IAGO TABARÉS PEREZ-PIÑEIRO.
- VICE-SECRETARIO XERAL-AREA DE ORGANIZACIÓN: ROSENDO GONZALO COVELO ROMA.
- SECRETARÍA AREA DE FORMACIÓN: VICENTE RIVAS NEGREIRA.
- SECRETARÍA AREA DE IMPLANTACIÓN: XOSÉ RODRÍGUEZ CID.
- SECRETARÍA AREA DE ACCION SOCIAL: TEREIXA VÁZQUEZ CALVO.
- VOGAL: MARISA SEARA.
- VOGAL: XULIO MEDELA.
- VOGAL: XOSÉ PASCUAL.

**2) EN RELACIÓN COA CELEBRACIÓN DO VINDEIRO PROCESO ASAMBLEAR DO BNG, OS VINDEIROS DÍAS 2 E 3 DE DECEMBRO EN COMPOSTELA, APRÓBASE UNHA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, QUE DÍ ASÍ:**

“O PARTIDO NACIONALISTA GALEGO-PARTIDO GALEGUISTA, TRABALLARÁ CARA Á VINDEIRA ASEMBLEA NACIONAL DO BNG NA PROCURA DUN BNG PLURAL, CUNHA ESTRUCTURA INTERNA QUE SEXA GARANTE DO PLURALISMO



**PARTIDO NACIONALISTA GALEGO  
PARTIDO GALEGUISTA.**

IDEOLÓXICO EXISTENTE NA FRONTE. PARA A CONSECUCIÓN DESTE OBXECTIVO, APOIAREMOS OS ESFORZOS DA PORTAVOCÍA NACIONAL E DAS FORZAS POLÍTICAS E/OU PERSOAS QUE COMPARTAN UN MODELO PLURAL E FRONTISTA PARA O BNG”.

TAMÉN, APOSTAMOS POR FACER UN BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARTICIPATIVO E ABERTO Á SOCIEDADE, CUN PROXECTO DE NACIÓN QUE PODA REPRESENTAR A TODA A CIDADANÍA DO NOSO PAÍS”